O.J.D.: No hay datos
E.G.M.: 70000
Tarifa: 476 €
Área: 174 cm2 - 17%

elCorreoGallego

Fecha: 28/06/2014
Sección: OPINION
Páginas: 6

{FLASH}

Un enxeñeiro no Vaticano

Joan Ribot

O MARTES, en Vigo, inaugurouse unha exposición sobre Álvaro del Portillo, que será beatificado o 27-IX. A mostra recolle imaxes das viaxes a Galicia que realizou o sucesor do fundador do Opus Dei.

Coñeceu a San Xosemaría aos 21 anos, a través dun compañeiro da Escola de Enxeñeiría de Camiños co que axudaba a familias necesitadas en Vallecas. En 1941, con 27 anos, o fundador envioulle a Roma para explicar a Pío XII o espírito do Opus Dei, centrado na santificación do traballo e as ocupacións cotiás. Cando chegou ao Vaticano os gardas suízos formaron garda, impresionados polo traxe de Enxeñeiro que levaba. En 1943 tamén tivo a oportunidade de explicar a Obra a Mons. Montini (futuro Paulo VI) como Enxeñeiro, nun momento en que buscar a Deus a través do traballo e a familia aínda era unha novidade.

Despois de ser ordenado sacerdote, Pío XII deulle diversos encargos na Santa Se e Xoan XXIII nomeoulle presidente da Comisión para o Laicado e logo secretario dunha comisión conciliar.

Nos anos que dirixiu a Obra, estendeuna aos países nórdicos por indicación do papa

Con Paulo VI e Xoan Paulo II foi consultor de varias comisións.

Nos anos que dirixiu a Obra estendeuna a novos países, entre eles os nórdicos por indicación do papa; e promoveu preto de cen iniciativas sociais, como a Escuela Agraria Valle Grande (Perú) ou o Hospitalier Monkole (Congo).

Nunha reunión con preto de mil persoas en EEUU, unha moza recen casada preguntoulle como buscar a santidade. Despois de preguntar polo nome do seu marido, Del Portillo contestoulle: “O teu camiño para ir o ceo, Linda, ten un nome: John. E o teu, John, Linda”. Sinxela maneira de explicar o que ven a ser a vontade de Deus a unha parella.

Na mostra de Del Portillo sublíñase a viaxe que fixo con San Xosemaría a Tui, para visitar a sor Lucia, que quería que o Opus Dei fora a Portugal. Como non levaban pasaporte, arranxou as cousas para que puideran pasar a fronteira. Grazas a ela, a Obra puido comezar nese país.

Del Portillo, consagrado sacerdote en 1944 e bispo en 1992, explicou o Opus Dei a dous papas cando aínda era enxeñeiro. Este feito cadra moi ben co que tentou vivir e difundir ao longo da súa vida.

Licenciado en Dereito